

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

8647 *Real decreto 739/2015, do 31 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.*

O Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009, polo que se establecen disposicións do Regulamento (CE) número 479/2008 do Consello, no que respecta ao rexistro vitícola, ás declaracións obrigatorias e á recompilación de información para o seguimento do mercado, aos documentos que acompañan o transporte de produtos e aos rexistros que se deben levar no sector vitivinícola, establece a obrigatoriedade de realizar, por parte de viticultores e operadores do sector, unha serie de declaracións.

O dito regulamento foi obxecto de desenvolvemento regulamentario mediante o Real decreto 1303/2009, do 30 de xullo, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola, o cal reproduce o réxime de declaracións obrigatorias anuais que teñen que realizar os viticultores e operadores do sector, que foi modificado en canto aos prazos para formular as declaracións obrigatorias polo Real decreto 461/2011, do 1 de abril. Polo exposto, en principio non sería preciso modificar o dito Real decreto 1303/2009, do 30 de xullo, segundo o dereito da Unión Europea.

Porén, considerando necesario que a información que hai que declarar se amplíe por razóns que obedecen a cambios que houbo na lexislación española aplicable ao sector que máis abaixo se sinalan, decidiuse que o contido adicional (ou novas obrigacións de declarar) que derivan de decisións de dereito interno se integren no sistema do citado real decreto para que non haxa dous textos distintos, con declaracións diferentes, senón que as que se fagan sirvan tanto para efectos do dereito da Unión como para efectos da lexislación española. Por tanto, consolídanse nun só texto, o presente real decreto, a regulación até agora contida no Real decreto 1303/2009, que se procede a derrogar, e a nova, procedente das innovacións que agora se introducen.

Estas innovacións obedecen a que a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, na súa disposición adicional primeira (conforme a redacción que ao seu número 5 deu recentemente a disposición derradeira primeira da Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito supraautonómico), permite atribuír á Axencia de Información e Control Alimentarios o control dos sectores que se determinen regulamentariamente. Por tanto, mediante o presente real decreto procédese a estender o seu ámbito de actuación ao sector vitivinícola e a Axencia pasará a exercer funcións relativas á xestión e mantemento dos sistemas de información, seguimento e análise, así como o inicio e a instrución dos expedientes sancionadores por incumprimentos no pagamento das achegas obrigatorias ás organizacións interprofesionais recoñecidas polo citado ministerio.

Isto permitirá o adecuado seguimento da evolución do mercado e, pola súa vez, que tanto os operadores do sector como as administracións adopten as súas decisións con maior coñecemento.

Cómpre, por tanto, dotar o sector de instrumentos que outorguen unha maior e mellor calidade da información para conseguir unha maior transparencia de mercado.

Mediante este real decreto refórzase o sistema de declaracións obrigatorias, en canto se amplía a información que estas deberán conter e a periodicidade da súa remisión, que pasa de ser anual a ser mensual e que afecta en concreto as declaracións de existencias e producións. Con isto créase un sistema unificado de información no sector vitivinícola, que incluírá un rexistro de operadores, así como toda esa información mínima que deben conter as declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.

Este sistema de declaracións mensuais por parte dos operadores permitirá realizar un seguimento e unha análise máis pormenorizada da realidade, de grande axuda para o sector, mediante a implantación dun sistema adicional de información sectorial, o cal non obsta para seguir buscando sinerxías con outras obrigacións administrativas para racionalizar e simplificar a información solicitada de forma que supoña o menor custo para o operador.

Dadas as modificacións substanciais que se incorporan, procede a adopción dun novo real decreto que unifique toda a normativa na materia e dea resposta ás necesidades mencionadas do sector vitivinícola, así como ás obrigacións de comunicación previstas na normativa comunitaria. En consecuencia, mediante este real decreto derrógase o Real decreto 1303/2009, do 30 de xullo.

O sistema unificado de información no sector vitivinícola quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que será o responsable do seu funcionamento coordinado. Este, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento do sistema.

Os operadores serán os responsables do mantemento debidamente actualizado dos datos nel contidos e da súa veracidade e exactitude.

As autoridades competentes poderán establecer os seus sistemas informáticos de tal modo que os operadores poidan realizar as súas declaracións conforme o establecido neste real decreto.

O sistema unificado de información no sector vitivinícola será accesible a todos os órganos competentes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ás comunidades autónomas para as instalacións establecidas no seu ámbito territorial e aos declarantes para os seus propios datos. Así mesmo, o Ministerio porá á disposición do conxunto do sector vitivinícola a información extraída deste sistema de forma agregada e proporcionará ás organizacións interprofesionais a información necesaria no caso de que desexen aplicar a extensión de norma. Todo isto sen prexuízo da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente utilizará a información contida no sistema para o envío á Comisión Europea de toda a información que exixa a normativa comunitaria en materia de declaracións obrigatorias de acordo ao Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009.

A Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, prevé na súa disposición adicional primeira que a Axencia de Información e Control Alimentarios poderá desenvolver, para determinados sectores que o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente considere oportunos, funcións relativas á xestión e mantemento dos sistemas de información, seguimento e análise, así como o inicio e a instrución dos expedientes sancionadores por incumprimentos no pagamento das achegas obrigatorias ás organizacións interprofesionais recoñecidas polo citado ministerio.

As infraccións contra o disposto neste real decreto sancionaranse conforme o previsto na Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e polo disposto na normativa comunitaria en materia de incumprimento das declaracións obrigatorias.

A regulación básica contida nesta disposición efectúase mediante real decreto, ao abeiro da habilitación da disposición derradeira primeira da Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño, e do número 5 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, dado que se trata dunha materia de carácter marcadamente técnico, intimamente ligada ao desenvolvemento da normativa comunitaria.

Durante a tramitación desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas, así como as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo da deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 31 de xullo de 2015,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica en materia de declaracións obrigatorias do sector vitivinícola, necesaria para dotar dunha maior transparencia o sector vitivinícola e para dispor de mellores informacións do seu mercado, así como para o desenvolvemento do Regulamento (UE) número 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) número 922/72, (CEE) número 234/79, (CE) número 1037/2001 e (CE) número 1234/2007, e do Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) número 479/2008 do Consello, no que respecta ao rexistro vitivinícola, ás declaracións obrigatorias e á recompilación de información para o seguimento do mercado, aos documentos que acompañan o transporte de produtos e aos rexistros que se deben levar no sector vitivinícola.

Artigo 2. *Definicións.*

Para efectos da aplicación do presente real decreto entenderase como:

a) «Colleiteiro». É a persoa física ou xurídica, ou agrupación de persoas físicas ou xurídicas con independencia da forma xurídica da agrupación ou dos seus membros, que obtén o produto anual da parcela de viña, ben por ser o propietario dela, ben por ter atribuído un dereito sobre ela.

b) «Produtor». Calquera persoa física ou xurídica, ou agrupación de tales persoas que producisen mosto ou viño a partir de uva fresca, de mosto de uva, de mosto de uva parcialmente fermentado ou de viño novo en proceso de fermentación, obtidos por eles mesmos ou comprados.

c) «Almacenista». As persoas non produtoras de viño ou mosto, propietarias de viño ou mosto, sempre que non se trate de consumidores privados ou retalistas. Para estes efectos, consideraranse retalistas as persoas físicas ou xurídicas, ou as súas agrupacións, que exerzan profesionalmente unha actividade económica lucrativa que implique a venda de viño en pequenas cantidades directamente ao consumidor final, excluídos os que utilicen bodegas equipadas para o almacenamento e o envasamento dos viños en grandes cantidades.

Artigo 3. *Declaración de colleita.*

1. Todos os colleiteiros deberán presentar anualmente unha declaración de colleita que se deberá cubrir nos formularios ou soportes que dispoñan para o efecto as respectivas comunidades autónomas, os cales conterán, ao menos, os datos que figuran no anexo I, partes a e b. Quedan exentos da presentación da declaración de colleita aqueles colleiteiros que cumpran algunha das seguintes condicións:

a) Que a súa produción total de uva se destine ao consumo en estado natural, á pasificación ou á transformación directa en zume de uva.

b) Que a explotación teña menos de 0,1 hectáreas de viña en produción sempre que non comercialicen ningunha parte da súa colleita ou entreguen a totalidade da súa colleita a unha bodega cooperativa ou a unha agrupación da cal sexan socios ou membros.

2. A declaración de colleita presentarase até o 10 de decembro de cada ano ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as parcelas de viña, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, admitirase a presentación electrónica conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

3. Aquelas comunidades autónomas que dispoñan de medios informáticos que permitan vincular os colleiteiros que deben presentar anualmente a declaración coa produción declarada e coas parcelas de viña de que proveñen esas producións poderán excluír os seus colleiteiros da presentación da parte b do anexo I.

Artigo 4. *Sistema de información de mercados do sector vitivinícola.*

1. Créase o Sistema de información de mercados do sector vitivinícola (Infovi), que conterá:

- a) O Rexistro Xeral de Operadores do Sector Vitivinícola (Reovi).
- b) A información de mercados resultante das declaracións obrigatorias a que se refire o artigo 5.

O Sistema de información de mercados no sector vitivinícola quedará adscrito ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que será o responsable do seu funcionamento coordinado coas comunidades autónomas, na forma prevista no presente real decreto.

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, en colaboración coas comunidades autónomas, establecerá os protocolos técnicos necesarios para o correcto funcionamento das aplicacións informáticas.

2. No Reovi inscribíranse os produtores e almacenistas.

As comunidades autónomas porán á disposición da Axencia de Información e Control Alimentarios, antes do 15 de agosto de 2015, a información mínima contida nos cadros A e B no caso de produtores, e no cadro A no caso de almacenistas, do anexo II.

No caso de comezo de actividade nunha instalación, o produtor ou o almacenista deberá solicitar a súa inscrición no Reovi á comunidade autónoma onde radique a instalación no mes seguinte de producirse, achegando ao menos os datos recollidos no cadro A do anexo II.

Se o produtor ou o almacenista detecta erros ou existen modificacións na información contida no Reovi, deberao comunicar á comunidade autónoma onde radique a instalación.

Cando un operador abandone a súa actividade nunha instalación, deberao comunicar, no mes seguinte de producirse, á comunidade autónoma onde radique a instalación.

As comunidades autónomas comunicarán á Axencia de Información e Control Alimentarios todas as altas de operadores, coa información contida no cadro A do anexo II, así como as baixas e modificacións e erros constatados. Estas comunicacións deberanse producir ao mes seguinte daquel en que a comunidade autónoma teña coñecemento do feito.

Artigo 5. *Declaracións mensuais dos operadores do sector vitivinícola.*

1. Todos os produtores e almacenistas deberán presentar mensualmente unha declaración detallada por instalación de existencias, de produción, de entradas e saídas e de envasamento do viño e mosto, directamente, antes do día vinte do mes seguinte a que se refiran os datos, mediante os procedementos informáticos establecidos para o efecto, e conterán, ao menos, os datos que figuran no anexo III do presente real decreto.

2. Non están obrigados á presentación de todas as declaracións mensuais os seguintes produtores:

- a) Os produtores que son colleiteiros exentos da presentación da declaración de colleita, por cumpriren as condicións establecidas nos supostos a) ou b) do número 1 do artigo 3 do presente real decreto.

b) Os produtores que obteñan nas súas instalacións, mediante vinificación de produtos comprados, unha cantidade de viño inferior a 10 hectolitros (1.000 litros), non destinada á comercialización.

c) Os socios ou membros dunha bodega cooperativa suxeita á obrigação de presentar unha declaración que entreguen toda a súa produción á dita bodega cooperativa, aínda que reserven para si unha pequena parte para obter mediante vinificación unha cantidade de viño inferior a 10 hectolitros (1.000 litros) destinada ao seu consumo particular.

3. Aqueles produtores cuxa produción de viño e mosto sexa menor de 1.000 hl elaborarán unicamente as declaracións dos meses de decembro, marzo e agosto conforme o anexo III.

Para estes efectos, a produción de viño e mosto calcularase como a media da produción declarada para o conxunto das súas instalacións nas catro campañas anteriores á campaña obxecto de declaración, conforme o establecido na normativa en vigor no momento da declaración, e o cadro 1, letra H, e cadro 2, letra g, do anexo III. En caso de que un produtor non producise nalgunha ou nalgunhas das catro campañas anteriores, tomaranse as campañas en que produciu realmente.

4. As declaracións realizaranse por medios electrónicos todos os meses, incluídos aqueles en que os datos sexan todos cero.

5. Aos datos existentes no Sistema de información de mercados do sector vitivinícola só poderán ter acceso o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, as comunidades autónomas para as instalacións establecidas no seu ámbito territorial e os declarantes para os seus propios datos.

6. Ademais, os datos poderán ser utilizados para solicitar a información necesaria para a elaboración, seguimento e control de extensións de norma no sector do viño realizadas segundo o disposto na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, e na súa normativa de desenvolvemento.

7. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente porá á disposición do conxunto do sector vitivinícola a información extraída deste sistema de forma agregada.

8. Toda a información a que se teña acceso será confidencial e aplicarase para o tratamento dos datos persoais a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 6. *Deber de comunicación á Comisión Europea.*

1. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente utilizará a información recollida nas declaracións mensuais para dar cumprimento ás obrigações establecidas na normativa comunitaria en canto ás declaracións de produción e de existencias establecidas nos artigos 9 e 11 do Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009.

2. Os produtores obrigados a realizar as declaracións mensuais a que se refire o artigo 5.1 deberán cubrir, ademais, nos soportes que dispoñan para o efecto as comunidades autónomas, a información do anexo IVa e IVb relativa aos datos dos provedores e xustificantes de compravenda de produtos.

A información destes anexos deberase presentar entre o 30 de novembro e o 10 de decembro de cada ano ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radique a instalación ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, admitirase a presentación electrónica conforme o previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

Artigo 7. *Funcións da AICA e plan de control.*

1. Para a aplicación dos artigos 4 e 5 deste real decreto, a Axencia de Información e Control Alimentarios levará a cabo as funcións recollidas nas letras a) e d) do número 6 da disposición adicional primeira da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán os controis oficiais para comprobar o cumprimento das obrigacións establecidas no presente real decreto e asegurar a exactitude das declaracións das instalacións que se encontren radicadas no seu territorio.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente coordinará coas comunidades autónomas, a través da Axencia de Información e Control Alimentarios, a elaboración dun plan de control, no relativo aos controis indicados no punto 2.

4. Os órganos competentes das comunidades autónomas remitirán a información sobre o estado dos controis oficiais realizados ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, mediante o sistema establecido para o efecto.

Artigo 8. *Incumprimento da obrigación de declarar e sancións.*

1. Os obrigados a presentar as declaracións recollidas no presente real decreto que non o fagan nos prazos establecidos, ou a falta dalgunha das declaracións obrigatorias, así como os erros, inexactitudes ou omisións nelas que afecten as características dos produtos ou mercadorías consignados, serán sancionados segundo a Lei 24/2003, do 10 de xullo, da viña e do viño.

2. Ademais do disposto no número 1, tamén serán de aplicación, cando proceda, as penalizacións establecidas no artigo 18 do Regulamento (CE) número 436/2009 da Comisión, do 26 de maio de 2009.

Disposición adicional primeira. *Contención do gasto.*

As medidas incluídas neste real decreto serán atendidas coas dotacións orzamentarias existentes, e non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición adicional segunda. *Factor de conversión da uva en viño.*

Para os efectos previstos neste real decreto, para a conversión das cantidades de uva en viño utilizarase o factor de 0,74 hectolitros de viño por cada 100 quilogramos de uva, salvo que se xustifique debidamente un factor de conversión diferente.

Disposición transitoria primeira. *Declaración de existencias en 31 de xullo 2015 e de produción da campaña 2015/2016.*

Non obstante o previsto na disposición derogatoria única, os artigos 3 e 5 do Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo, seguirán sendo de aplicación até o final da campaña 2015/2016.

Disposición transitoria segunda. *Declaración de destino de producións de plantacións ilegais anteriores ao 1 de xaneiro de 2016.*

1. No caso das plantacións ilegais anteriores ao 1 de xaneiro de 2016, sen prexuízo do disposto nos artigos 85 bis e 85 ter do Regulamento (CE) número 1234/2007 do Consello, do 22 de outubro de 2007, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e se establecen disposicións específicas para determinados produtos agrícolas (Regulamento único das OCM), o responsable dunha plantación ilegal de viña ou, no seu defecto, o propietario da parcela de viña deberá presentar anualmente unha declaración de destino das producións de plantacións ilegais de viña para as producións

que non se poden comercializar en virtude do artigo 15 do Real decreto 1244/2008, do 18 de xullo, polo que se regula o potencial de produción vitícola, nos formularios ou soportes que dispoñan para o efecto as respectivas comunidades autónomas, que conterán, ao menos, os datos que figuran no anexo V.

2. A declaración de destino das producións de plantacións ilegais presentarase até o 10 de decembro de cada ano ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as plantacións ilegais de viña, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1303/2009, do 31 de xullo de 2009, sobre declaracións obrigatorias no sector vitivinícola.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

2. Non terán carácter básico os artigos 3.1 e 3, 4.2, 5.1 e 3, e 6.2, nin os anexos a que estes remiten, no relativo aos modelos que establecen, e as comunidades autónomas poderán establecer os seus propios, ben que neste último caso se incluírán nos modelos, como mínimo, ao seren básicos, os datos que figuran nos anexos do presente real decreto, e as aplicacións informáticas dos modelos deberán posibilitar que a parte referida aos datos mínimos dos anexos do presente real decreto sexa accesible e reutilizable mediante sistemas entendibles por máquinas conforme os protocolos e estándares de interoperabilidade que aprobe o Sistema de información de mercados do sector vitivinícola (Infovi). Os custos da interoperabilidade correrán por conta das comunidades autónomas de que se trate.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de modificación.*

Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para modificar os anexos, as datas e prazos contidos na presente disposición, en particular cando sexa necesario para adaptarse ás modificacións derivadas da normativa da Unión Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 31 de xullo de 2015.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA

INSTRUCCIÓN PARA A FORMALIZACIÓN

PERSOAS OBRIGADAS A PRESENTAR A DECLARACIÓN

Todos os colleiteiros definidos no artigo 2, letra a)

PERSOAS EXENTAS DE PRESENTAR A DECLARACIÓN

Os colleiteiros que cumpran as condicións do artigo 3, número 1 a) e b)

NÚMERO DE DECLARACIÓN QUE TEN QUE PRESENTAR CADA PERSOA OBRIGADA

O colleiteiro cubrirá unha declaración por cada unidade territorial establecida pola comunidade autónoma en que posúa superficies de viña en produción, utilizando un único exemplar do presente anexo I a, referido á viña situada na dita unidade territorial.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

Até o 10 de decembro.

LUGAR DE PRESENTACIÓN

Ante o órgano competente da comunidade autónoma onde radiquen as parcelas de viña, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

FORMALIZACIÓN DOS DATOS SOLICITADOS NO IMPRESO

UNIDADES.- Os datos indícaranse de acordo cos seguintes criterios: superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; masa en 100 quilos, con dous decimais; rendemento en 100 quilos por hectárea (100 kg/ha), cun decimal. En todos os casos a supresión de decimais se efectuará sen arredondamento.

CADRO A.- Sinalárase con X o recadro que corresponda a cada caso: alta, cando sexa a primeira vez que se presenta a declaración; baixa, para a comunicación do cesamento na actividade do colleiteiro; modificación, se cambiou a súa razón social, domicilio, etc.

CADRO B.- Consignáranse os totais correspondentes á unidade territorial establecida pola comunidade autónoma, relativos a cada un dos cinco tipos de aptitudes da viña.

CADRO C.- Indícaranse os diferentes destinos da colleita de uva diferenciando en cada liña as cantidades obtidas, en 100 kg, a partir dos distintos tipos de viña sinalados na columna da esquerda.

CADRO D.- Relacionáranse os destinatarios aos cales o colleiteiro entregou uva ou mosto e indícaranse, a continuación, os quilos (en 100 kg) de uva facilitados a cada un deles, diferenciados en función do tipo de viña de procedencia.

DEFINICIÓNS

- **Viños de denominación de orixe protexida:** viño cuxas características se axustan ao establecido na letra a) do número 1 do artigo 93 do Regulamento (CE) 1308/2013.

- **Viños con indicación xeográfica protexida:** viño cuxas características se axustan ao establecido na letra b) do número 1 do artigo 93 do Regulamento (CE) 1308/2013.

- **Viños varietais sen DOP ou IXP:** aqueles viños que, sen estaren adscritos a unha DOP ou IXP, mencionan a variedade nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1308/2013.

- **Viños sen indicación xeográfica:** aquel viño que non cumpre co establecido nas letras a) e b) do número 1 do artigo 93 do Regulamento (CE) 1308/2013 nin na definición de viños varietais sen DOP nin IXP.

- **Outros viños:** consideráranse como "outros viños" os procedentes de uva que figuren na clasificación de variedades de uva de vinificación, segundo o disposto no artigo 81 do Regulamento (UE) 1308/2013, cando sexa aplicable, simultaneamente como variedades de uva de vinificación e segundo proceda como variedades de uva de mesa, uvas para pasificación ou uvas destinadas á elaboración de augardente de viño.

ANEXO I b

Declaración de colleita de uva

CAMPAÑA	
---------	--

CADRO A

DATOS PERSOAIS DO COLLEITEIRO		
Alta	Baixa	Modificación
NIF		
Apelidos e nome ou razón social		
Domicilio		
Poboación		
Provincia		C.P.
Número de teléfono		
(Cando se dispoña de etiqueta identificativa con todos os datos correctos, deberase adherir encima deste cadro)		

CADRO B: REFERENCIA SIXPAC DAS PARCELAS DE VIÑA

DATOS DA VIÑA	Provincia	Municipio	Polígono	Parcela	Recinto	Superficie ha	Producción - 100 kg	
							Tinta	Branca
Viños von denominación de orixe protexida								
Viños con indicación xeográfica protexida								
Viños varietais								
Viños sen DOP e IXP								
Outros								
TOTAL								

INSTRUCCIÓN PARA A FORMALIZACIÓN

TODO COLLEITEIRO QUE REALICE A DECLARACIÓN DE COLLEITA (ANEXO I a) PRESENTARÁ O ANEXO I b, EN QUE INDICARÁ TODAS AS REFERENCIAS SIXPAC DAS PARCELAS DE VIÑA E A PRODUCCIÓN DESTAS SEGUNDO A SÚA ORIENTACIÓN.

UNIDADES.-

Os datos indicaranse nos diferentes recadros, de acordo cos seguintes criterios: a superficie en hectáreas (ha) (10.000 metros cadrados), con dous decimais; masa en 100 quilos, con dous decimais. En todos os casos a supresión de decimais se realizará sen arredondamento.

CADRO A.-

Cubrirase cos datos do cadro A, que figuran no anexo I a.

CADRO B.-

